

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2023 pola que se modifica a composición do tribunal cualificador das probas selectivas para cubrir oito prazas da categoría profesional de técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de promoción interna.

Mediante a Resolución reitoral do 25 de abril de 2023, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 9 de maio de 2023, convócanse probas selectivas para cubrir oito prazas da categoría profesional de técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de promoción interna, e mediante a Resolución reitoral do 2 de xuño de 2023 (DOG do 14 de xuño) noméase o tribunal cualificador das ditadas probas selectivas.

Na base 5.5 da Resolución do 25 de abril dispónse que a autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se nomean os novos membros que teñan que substituír os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas.

De conformidade coa mencionada base, o reitor

RESOLVE:

Primeiro. Nomear a María José Dopazo Oubiña, persoal laboral fixo do grupo I da USC, como secretaria titular en substitución de Alejandra Martínez Maquieira.

Segundo. Nomear a Alejandra Martínez Maquieira, persoal laboral fixo do grupo I da USC, como vogal suplente en substitución de María José Dopazo Oubiña.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor



o citado recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: wb92hpw8-j1c1-ehp7-ct70-kivj53uxhco1

